

NÚM. DE EXPEDIENTE	2025015782
--------------------	------------

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE MICRORRELATOS AUDIOVISUAIS MICROMUSEO PARA O ANO 2025
--

A Deputación de Pontevedra aposta plenamente polo fomento, a promoción e a difusión da cultura en todas as súas múltiples e variadas expresións artísticas.

Ao longo da súa historia puxo en marcha diversas actividades e accións, mediante as que lle prestou o seu apoio á cultura en xeral e ás manifestacións artísticas en particular, e na consecución destes obxectivos impulsou, a través do Museo, numerosas actuacións, proba do seu compromiso coa produción artística.

O Museo de Pontevedra, fundado o 30 de decembro de 1927, é unha institución pública sen fins de lucro, dependente da Deputación de Pontevedra e ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento. A súa misión é formar, conservar, investigar, difundir e exhibir unha colección permanente de obxectos de arte de todo tipo; ofrecer exposicións temporais que inclúan pezas en préstamo; e cultivar e fomentar a arte cos medios adecuados, mediante actividades idóneas que conduzan ao desenvolvemento artístico e cultural da provincia, ademais de levar a cabo e participar en actividades de relevancia nacional e internacional.

Está dotado dunha enorme riqueza de fondos, que se atopan depositados nas súas diversas instalacións. Na súa dilatada historia o Museo de Pontevedra incorporou diferentes edificios para atender as súas crecentes necesidades, que conforman a súa configuración actual: as Ruínas de San Domingos, os edificios Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Fernández López, Castelao e o Recinto Conventual de Santa Clara.

Ademais da enorme diversidade de obras, desde a institución trabállase para converter o Museo nun lugar vivo, onde as e os usuarios poidan sentir a historia, e con ese fin leva a cabo unha axenda de xestión cultural con numerosas e novas actividades, coas que se busca que as e os visitantes adquiran vivencias, descubran a historia en primeira persoa e se impliquen co contido do museo, potenciando o interese pola cultura e procurando actuacións gratificantes e entretidas. De igual maneira, co propósito de fomentar a concienciación, investigación e innovación sobre cultura e arte, búscase promover a dinamización cultural e contribuír ao crecemento da arte contemporánea da provincia de Pontevedra para que o Museo e a súa contorna non sexa só un lugar de exhibición, senón que forme parte do proceso de creación e produción de obras, para enriquecer a arte e os fondos artísticos da provincia.

Entre os seus obxectivos atópanse o de estudar e difundir a cultura das humanidades nos ámbitos de interese galego, español e universal; promover actividades de proxección social da arte e as humanidades naqueles temas que sexan de interese xeral; establecer e manter unha adecuada relación con outros organismos; coordinar o seu labor con outros organismos culturais e educativos; así como realizar publicacións directamente relacionadas co seu propósito e difundilas.

Neste contexto, e conscientes da importancia de recoñecer, valorar publicamente e difundir a nosa cultura, no programa de actividades propostas para o ano 2025 atópase a segunda edición do Concurso de Microrrelatos Audiovisuais MicroMuseo, que nesta ocasión estará dedicada a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, con motivo da celebración dos 75 anos do falecemento deste referente indispensable no noso museo e da cultura galega.

O alumnado participante ten que buscar e indagar sobre algunha das pezas pertencentes á obra do escritor, político e artista galeguista que se custodian e expoñen no Museo de Pontevedra. Queremos destacar como desde esta entidade se quere implicar directamente á comunidade escolar a través deste tipo de iniciativas e profundar no coñecemento de Castelao por medio desta creación audiovisual.

Coa convocatoria deste concurso favorecerase a participación das persoas máis novas da provincia no sector da cultura e da arte, de especial interese tanto polo seu obxecto como pola repercusión nos centros educativos da provincia de Pontevedra.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral orientada a destacar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a mocidade ocuparán un lugar relevante.

Nesta liña, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécense como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e, no 118.d, a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte, polo que ten unha especial importancia a actividade que xestiona e desenvolve o Museo de Pontevedra como

centro de fomento e divulgación que colabora na recuperación do valioso patrimonio cultural da provincia de Pontevedra.

Por todo o exposto, e en virtude do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, as solicitudes de participación a esta convocatoria do Concurso de Microrrelatos Audiovisuais MicroMuseo rexeranse polas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto e réxime da convocatoria

Constitúe o obxecto destas bases regular o procedemento e a convocatoria polos que se rexen as solicitudes de participación no Concurso de Microrrelatos Audiovisuais MicroMuseo, que ten como fin promover e apoiar a cultura e implicar directamente a comunidade escolar para contribuír ao coñecemento do valioso patrimonio cultural da provincia que se atopa no Museo de Pontevedra.

Segunda. Finalidade

A finalidade desta convocatoria é conceder dous premios co obxectivo de promover a cultura entre as persoas mozas e de menor idade nun programa de relatos audiovisuais promovido pola institución provincial a través do Museo para o ano 2025.

Terceira. Persoas destinatarias

Poderán optar a estes premios os centros escolares de educación primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional, e as categorías nas que poden participar son:

- a) 1.ª categoría: estudantes de 5.º e 6.º de educación primaria
- b) 2.ª categoría: estudantes de ESO de 12 a 15 anos
- c) 3.ª categoría: estudantes de bacharelato ou de ciclos formativos

Participarán cun grupo de alumnado que non poderá superar o número total dunha aula e unha ou un representante do centro escolar (Dirección, Xefatura de Estudos, titora ou titor ou docente).

A persoa representante do centro escolar será quen presente a solicitude e non participará na elaboración do microrrelato.

O centro escolar debe estar situado nalgún municipio da provincia de Pontevedra.

Para obter a condición de beneficiario, o centro deberá estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), a Facenda autonómica, a Seguridade Social e a Deputación de Pontevedra, e non poderá concorrer en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13 da LXS.

Cuarta. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e a concesión destes premios realizarase mediante o procedemento de concorrència competitiva; os proxectos seleccionaranse de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Quinta. Características dos proxectos de participación

Os centros participantes deberán presentar un microrrelato en formato audiovisual, que non poderá superar os 120 segundos, e deberá tratar a temática prevista para esta edición dedicada a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, con motivo da celebración dos 75 anos do falecemento deste referente indispensable no noso museo e da cultura galega.

Como se indica, para realizar este audiovisual tomaranse como eixes temáticos ou argumentais as obras de Castelao que se custodian e expoñen no Museo de Pontevedra, no edificio que leva o seu nome.

Os traballos presentados deberán realizarse en lingua galega e ser orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos similares.

O centro que participe exime a institución provincial de toda responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outro incumprimento ou infracción da lexislación vixente en materia de propiedade intelectual na que puidese incorrer.

Os centros educativos só poderán presentar dous microrrelatos por categoría. Cada grupo de participantes unicamente poderá entregar unha creación.

As propostas presentadas nesta convocatoria non poderán usarse en futuras edicións destes premios.

Sexta. Premios

Os premios están dotados cun importe total de nove mil (9.000) euros e con catálogos e bibliografía relacionados coa figura homenaxeada.

Os premios para cada unha das categorías detállanse a continuación:

- 1.ª categoría:
 - 1.º premio: dous mil (2.000) euros para o centro escolar e un lote de 3 libros do Museo
 - 2.º premio: mil (1.000) euros e un lote de 3 libros do Museo
- 2.ª categoría:
 - 1.º premio: dous mil (2.000) euros para o centro escolar e un lote de 3 libros do Museo
 - 2.º premio: mil (1.000) euros e un lote de 3 libros do Museo
- 3.ª categoría:
 - 1.º premio: dous mil (2.000) euros para o centro escolar e un lote de 3 libros do Museo
 - 2.º premio: mil (1.000) euros e un lote de 3 libros do Museo

Os premios económicos estarán suxeitos á retención do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente á lexislación vixente no momento da resolución. O premio aboarase mediante unha transferencia á conta bancaria indicada polo centro solicitante premiado da que este sexa titular.

Os premios con importes económicos dirixidos aos centros escolares deberán destinarse na súa totalidade á adquisición de material, a saídas educativas, a proxectos escolares, a bolsas para o alumnado ou a calquera outra actividade que teña relación directa coa programación do centro.

Sétima. Financiamento

A contía consignada para estes premios ascende a nove mil (9.000) euros con cargo á aplicación 25/333.3330.481.02 do Orzamento provincial.

Oitava. Presentación de solicitudes

Os centros escolares interesados en participar deberán inscribirse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), no que deberán incluír a relación nominal das persoas integrantes do grupo, cos datos e o cargo que ten no centro a ou o representante e os datos identificativos do grupo de estudantes, así como unha URL que permita acceder e descargar os proxectos audiovisuais que se presentan a estes premios.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Novena. Prazos de presentación de solicitudes

O prazo de participación no concurso comezará o día seguinte ao da data de publicación desta convocatoria na BDNS e do seu extracto no BOPPO, e finalizará o 9 de maio de 2025.

Décima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas físicas ou xurídicas solicitantes
- NIF das persoas representantes, no seu caso
- Domicilio fiscal, no caso das persoas xurídicas

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e presentar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e de actos administrativos practicaranse por medios electrónicos a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://dehu.redsara.es>. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que esta se considere plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido. Se o envío destas non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, en caso de non facelo, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenéricos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o cal se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial, segundo a normativa reguladora do procedemento de que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se está a efectuar o trámite. Os modelos están dispoñibles en

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

Décimo terceira. Instrución do procedemento e avaliación de solicitudes

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Museo de Pontevedra, que actuará como instrutor do procedemento, realizará a correspondente revisión da documentación administrativa, do cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, así como as actuacións que considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas as seguintes funcións:

- Examinar as solicitudes e a documentación presentadas.
- Requirirlles ás persoas solicitantes a corrección ou a achega da documentación que sexa de obrigado cumprimento.
- Formular a proposta de resolución, debidamente motivada.

As solicitudes das candidaturas que reúnan os requisitos de participación trasladaráselle ao xurado para a súa análise e valoración segundo os criterios establecidos nas bases que regulan esta convocatoria.

Décimo cuarta. Xurado

A selección e a concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizaranse segundo a proposta dun xurado nomeado polo presidente da Deputación ou pola deputada ou deputado en quen delegue.

O xurado estará integrado por representantes da Deputación e, en todo caso, na súa maioría, por persoal do Museo, que contará con experiencia e coñecementos no ámbito do patrimonio galego e axustará a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que ningún dos proxectos presentados reúne os méritos suficientes para ser premiado.

Na composición do xurado procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes. Esta farase pública na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal) tras finalizar o prazo de presentación de proxectos.

As decisións do xurado son inapelables.

Unha vez revisadas as solicitudes por parte do Museo de Pontevedra, as que non cumpran os requisitos establecidos nestas bases non se admitirán a trámite, e ditarase a oportuna resolución.

Os proxectos das solicitudes que cumpran os requisitos e sexan admitidas remitiránse ao xurado, que os examinará e valorará, propoñerá a adxudicación dos premios e redactará a proposta de resolución, que se recollerá nunha acta.

A participación neste xurado non comportará gastos relativos a indemnizacións por asistencias.

Décimo quinta. Criterios de valoración, proxectos premiados e fallo do xurado

A valoración das solicitudes presentadas realizarase de acordo cos seguintes criterios:

Puntos que se distribúen: 100

- A. Adecuación do tema e da mensaxe transmitida aos valores que inspiran o concurso, ata 35 puntos.
- B. A orixinalidade e a creatividade, ata 35 puntos.
- C. A calidade técnica da gravación, ata 30 puntos.

O xurado reserva o dereito de excluír todas aquelas propostas que sexan violentas, sexistas, racistas ou vulneren algún dereito fundamental das persoas.

Desde a Deputación comunicárase ao centro escolar que elaborou o proxecto a data e a hora nas que terá lugar o acto público onde se entregarán os premios, co fin de que poidan asistir ou designar a persoa que as representará para recoller o premio no caso de que non poidesen asistir ao acto.

Tras a publicación da resolución derivada da decisión do xurado, procederase á tramitación do recoñecemento da obrigação e orde de pago de cada un dos premios.

No caso das e dos menores de idade, a nai, pai ou persoa que exerza a súa titoría legal deberá indicar que autoriza a Deputación para aboar o premio, en caso de que se lle concedese. Para ese efecto, o centro escolar deberá obter esta autorización e remitirla ao Museo de Pontevedra.

O fallo do xurado farase público o 6 de xuño e, posteriormente, os premios entregaranse no Museo de Pontevedra. A data e a hora de entrega destes comunicáraselles ás persoas gañadoras do concurso segundo o previsto nestas bases,

Décimo sexta. Resolución da convocatoria

Instruído o procedemento, o órgano instrutor, á vista do expediente, da documentación requirida, e unha vez entregado o informe preceptivo de valoración realizado polo xurado, ditará a proposta de resolución, na que se indicarán o número de solicitudes ás que se lles conceden os premios e o importe correspondente. Esta proposta de resolución será elevada ao vicepresidente primeiro e deputado delegado do Museo para a súa aprobación.

A resolución farase pública no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal).

A resolución da convocatoria poñeralle fin á vía administrativa, e contra ela poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais preceptivos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente. Se algunha das persoas beneficiarias renunciase á subvención, esta outorgaráselle á persoa física solicitante seguinte por orde de puntuación, sen necesidade de realizar unha nova convocatoria.

Décimo sétima. Pagamento

Unha vez ditada a resolución, o premio outorgado ingresaráselles aos centros escolares mediante transferencia bancaria.

Décimo oitava. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias adquiren os seguintes compromisos e obrigas, de conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, sen prexuízo das demais obrigacións que resulten da presente convocatoria e, en concreto, as seguintes:

- a) Cumprir o obxectivo da convocatoria.
- b) Incorporar a toda comunicación ou publicación vinculada co desenvolvemento desta actividade a referencia ao Concurso de Microrrelatos Audiovisuais MicroMuseo da Deputación de Pontevedra.

Décimo novena. Incumprimento e reintegro

O incumprimento das obrigas contidas nestas bases ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, no seu caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as axudas percibidas, así como os xuros de demora desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na normativa de subvencións.

Vixésima. Incumprimento das bases

A falsidade nos datos achegados polas persoas participantes no concurso dará lugar á exclusión inmediata do proxecto presentado. Se esta se puxese de manifesto tras a resolución do concurso e o proxecto afectado resultase premiado, o premio obtido quedará sen efecto coa obrigaón de reintegrarlle o seu importe a esta institución, e devindicaranse os xuros legais que correspondan desde a percepción deste ata reintegralo por completo.

Vixésimo primeira. Propiedade intelectual dos traballos

A participación nestes premios provinciais supón a autorización das persoas participantes para que esta institución difunda, reproduza ou publique os proxectos premiados por calquera medio que se estime oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Vixésimo segunda. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica a aceptación plena destas bases, sen ningún tipo de reservas, ademais de todas as resolucións que adopte a Deputación.

As persoas participantes aceptan, coa presentación dos seus proxectos a esta convocatoria, colaborar con esta institución nas accións de difusión que se organicen e cederlle os dereitos de edición á Deputación.

O feito de participar nesta convocatoria supón a autorización á institución provincial para expoñer, difundir ou publicar a imaxe ou o contido dos microrrelatos por calquera medio que se estime oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

A Deputación de Pontevedra quedará eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente relacionada coa propiedade intelectual na que poidan incurrir as persoas participantes.

Vixésimo terceira. Información

Para resolver dúbidas ou ampliar información sobre a documentación que se debe presentar, as persoas interesadas poderán poñerse en contacto co Departamento de Educación do Museo de Pontevedra, chamando ao 986 804 100 ou ben escribindo a educacion.museo@depo.gal.

Vixésimo cuarta. Interpretación das bases

Todas as cuestións que se poidan derivar da interpretación destas bases resolveraaas o Museo de Pontevedra. Coa participación no concurso suponse a aceptación destas bases.

En todo o non previsto nelas, o xurado queda facultado para resolver as cuestións que se presenten e adoptar os acordos que se estimen necesarios para o efecto.

Vixésimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalo, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.